



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE O SELLO

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introducción

O Plan Dixital é un instrumento de planificación que persegue fundamentalmente o desenvolvemento do tratamento da información e competencia dixital así como a integración das TIC como ferramenta didáctica no proceso de ensino-aprendizaxe.

Con este plan, preténdese dar un enfoque de centro ao uso dos recursos pedagóxicos dixitais, aproveitando as posibilidades e recursos dispoñibles, de modo que se convirta nun proxecto compartido para os membros da comunidade educativa, que dé coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

De esta maneira, para a elaboración desde plan tivemos en conta os seguintes apartados:

1.1. Datos básicos do centro

NOME DO CENTRO	CEIP PLURILINGÜE O SELLO	ENDEREZO	RÚA SARDOMELA, Nº 5 (CABRAL)
CORREO DO CENTRO	ceip.osello@edu.xunta.es	PÁXINA WEB	www.edu.xunta.gal/centros/ceiposello

ETAPAS EDUCATIVAS		Nº ALUMNADO	Nº PROFESORADO
E.I	E.P	60	13
1	4		

O centro educativo está formado por grupos mixtos nalgúns niveis, Durante o curso 2021/22 conta con 5 unidades: 1 unidade de infantil (4º,5º e 6º), e 4 unidades de primaria, grupo de 1º e 2º, grupo de 3º e 4º, 5º e 6º.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao PEC

Centro ubicado na periferia de Vigo con notables diferencias entre os distintos núcleos de poboación. Distínguese unha zona de gran influencia rural e outra de suburbio industrial e situación de paro. O barrio de Cabral está catalogado como rural, xa que presenta unha gran masa de terreo agrícola, sen embargo esta actividade non é o principal medio de subsistencia, se non que se trata dunha actividade que implica ingresos complementarios. Hai abundancia de vivendas unifamiliares e está ben comunicado co centro de Vigo.

O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo. O Plan Dixital debe encaixar no contexto de centro e por iso está recollido no Proxecto Educativo polo que deben complementarse.

Dito Plan está relacionado con outros plans e proxectos do centro como: Plan Xeral Anual, Plan Tic, PLAMBE, así como naqueles programas de innovación como RADIO ESCOLAR, EDIXGAL, robótica, biblioteca creativa, aula virtual, Rede Abalar, así como toda a formación do profesorado recibida o longo do curso.

O centro está dotado por un aula de informática, por un aula Edixgal e por diferentes dispositivos nas diferentes aulas: portátiles, tablets, pizarras dixitais...

Este Plan Dixital contribúe na programación xeral anual do curso 22/23.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración deste Plan Dixital tómase como referencia legal o baseado nas seguintes leis educativas:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LOE 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración deste plan, en primeiro lugar, fixemos uso da ferramenta SELFIE (véase epígrafe 2.2.), mediante unha enquisa, tanto do profesorado como do alumnado, na que os resultados axudáronnos a entender en qué punto atópase o noso centro e así desenvolver un

plan de acción, partindo dos nosos puntos débiles e fortes con relación a dixitalización e as tecnoloxías.

En segundo lugar, realizamos o Test de Competencia Dixital Docente (*véase epígrafe 2.2.*) para coñecer o nivel de competencia nesta materia do noso equipo docente.

Unha vez elaborada esta enquisa, e tras asistir as formacións por videoconferencia WEBEX coa nosa mentora, mediante o análise do SELFIE do centro e os resultados do TEST CDD elaboramos o informe DAFO (*véase epígrafe 2.3.*) nunha sesión de grupo de traballo. O DAFO permitiúnos coñecer as debilidades, fortalezas, ameazas e oportunidades do noso centro educativo, e reflexionar sobre a situación do centro a nivel dixital e desta maneira establecer os obxectivos do Plan de Acción (*véase epígrafe 3.1.*) de dito Plan.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

a) En canto a **infraestrutura dixital:**

O centro educativo CEIPP O SELLO conta dende fai varios anos cun equipo de conexións á rede (SWIFT), onde se administra todo tipo de conexións, xa sexa cos diferentes PC, as aulas, coma nas direccións e administracións do centro educativo. Dispoñemos tanto de conexións cableadas, nas diferentes aulas, como de varios router distribuídos polos diferentes espazos do centro para que poidamos dispoñer dunha conexión inalámbrica á rede segura e necesaria en todo momento.

b) En canto ao **equipamento TIC:**

No centro educativo, contamos con diferentes espazos onde dispoñemos de equipos dixitais:

- **Aula E-Dixgal no 5º curso de Educación Primaria** cun total de 15 terminales para os rapaces e rapazas ademais dos 4 portátiles para os docentes que imparten docencia nese curso.
- **Dirección e Administración do centro:** cun total de 3 sobremesas para a súa xestión e organización do centro.
- **Biblioteca Escolar:** dispón dun PC-Sobremesa para levar a cabo o proceso de préstamo e organización de dito lugar, así como 11 tablets para a búsqueda de información para o alumnado.
- **Sala de Profesorado e Departamento de Orientación:** 3 PC-Sobremesa para facilitar e mellorar o desenvolvemento didáctico e pedagóxico do claustro de profesorado.
- **Materia de Libre Configuración:** nos niveis de 4º e 6º de Educación Primaria desenvolvemos como materia de Libre Configuración , "Programa de Innovación en Robótica na etapa de Educación Primaria", polo que dispoñemos duns 15 portátiles para o seu uso, manexo e aprendizaxe.

- Na **aula de Informática** dispoñemos duns 16 PC-Raspberry para o uso e manexo das TIC, así como o seu proceso de Programación, coñecemento e desenvolvemento da Competencia Dixital no noso alumnado.
- **Radio Escolar:** O centro cunha cunha radio escolar, onde levamos a cabo diferentes actividades escolares para fomentar a competencia lingüística. Dispoñemos dun ordenador con monitor dobre, que servirá para o correcto funcionamento da radio
- **Aulas de Infantil e Primaria:** Todas as aulas dos diferentes niveis e etapas do centro educativo, dispoñen dun ordenador, xa sexa PC- Sobremesa ou portátil, conectados a unha PDI, a través dun proxector para desenvolver o proceso de ensino- aprendizaxe.
- **Aulas das Especialidades (E.F, Música, Relixión)** cun dispositivo de sobremesa/portátil en cada unha.
- **Outros dispositivos:** Contamos cunha dotacións dunhas 8 tabletas para facer un uso compartido por parte do alumnado e profesorado para as diferentes actividades educativas.

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR	OUTROS
Biblioteca	1	-	11	-	1	
Infantil 3-4-5 a	1	-	3	1	1	
1º-2º EP	1	-	6	1	1	
3º-4º EP	1	-	-	1	1	
5º EP	-	15	-	1	1	
6º EP	1	11	-	1	1	
Informática	14	-	-	-	1	
Música	1	-	-	-	1	
Inglés	-	-	-	-	-	
Plástica	-	-	-	-	-	
Orientación	1	1	-	-	-	
Relixión	1	-	-	-	1	
Audición e Ling.	1	1	1	-	-	
Pedagogía Ter.	1	-	1	-	-	
Sala Profesores	3	-	-	-	-	
Secretaría/	3	-	-	-	-	

Xef. estudos						
Dirección	-	1	-	-	-	
Salón de actos/ Ximnasio	-	1	-	-	1	

Lenda:

- **Verde:** bó estado.
- **Amarelo:** bó estado pero ten máis de 10 anos.
- **Vermello:** obsoleto, desuso, non funciona...

c) En canto aos **servizos dixitais educativos:**

Para a xestión docente dispoñemos de Servizos Corporativos, como:

- Correo electrónico corporativo (@edu.xunta.gal)
- Páxina Web do centro educativo
(<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiposello/>)
- Aula Virtual do centro educativo
(<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiposello/aulavirtual/>)
- Plataforma E-Dixgal para 5º curso de E.P (<https://eva.edu.xunta.gal/>)
- Plataforma ABALARMÓBIL para comunicarse coa comunidade educativa.
- Servicio de videoconferencia "Webex"

Tamén, servizos non corporativos, como:

- Conta de Instagram do centro: <https://www.instagram.com/ceip.o.sello/>
- DISCO EXTERNO (Sigmology) para organizar e administrar todos os documentos, tanto oficiais e non oficiais necesarios para o funcionamneto do centro educativo.

d) En canto á **Xestión e mantemento do equipamento do centro:**

O centro conta cun servizo de mantemento informático externo , a través dunha empresa do sector informático, denominada "RED TYREL" que se encarga de solucionar os problemas que poidan surxir e de proporcionar material e equipamento informático para o desenvolvemento correcto da nosa función educativa.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

- **Autoavaliación SELFIE:** inclúese a información do *resumo das áreas* do informe SELFIE da etapa de educación primaria na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,8
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4,3
	Alumnado	4,4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,7
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5
	Profesorado	3,9
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4,1
	Alumnado	3,7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4,4
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	5
	Profesorado	4
	Alumnado	4,4

- **Test CDD:** Inclúese a información recollida nas *táboas 2.1, 2.2 e 2.3* do informe grupal do TestCDD de centro. Tamén inclúese o recollido na *táboa 1.3.* en relación co perfil do profesorado participante no TestCDD.

Táboa 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	4	6	66,7%
PROVISIONAL	4	4	100%
INTERINO	1	2	50%
SUBSTITUTO	2	3	66,7%
DESPRAZADO	0	1	0%

Táboa 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
94%	Integrador/a (B1)	76'4%	Integrador/a (B1)

Táboa 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Infantil	107'2%	Experto/a (B2)	68,2%	Integrador/a (B1)
Primaria	88'7%	Integrador/a (B1)	77%	Integrador/a (B1)

Táboa 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	2	18,2%
B1	5	45,5%
B2	2	18,2%
C1	2	18,2%
C2	-	-
TOTAL	11	100,01%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Contamos con aula de informática con 16 raspberries e 4 PCs.</p> <p>Aula Edixgal en 5ºEP durante o curso 21/22 con servizo PREMIUM e 17 dispositivos.</p> <p>10 tablets para uso do alumnado e o profesorado.</p> <p>Wifi no edificio.</p>	<p>Os dispositivos da aula de informática teñen unha capacidade mínima e a instalación de rede e eléctrica é deficiente.</p>
	PERSONAL DOCENTE	<p>Emprego de EVA: aula virtual do centro e EDIXGAL en 5º de primaria.</p> <p>Uso de ABALAR como medio de comunicación.</p> <p>Ofimática con Libre Office, Geogebra, GIMP...</p>	<p>Nivel baixo no uso de dispositivos ou entornos dixitais.</p> <p>Pouca actualización no uso das TICs.</p> <p>Baixa estabilidade da plantilla docente.</p>
	PERSONAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<p>Hai familias no centro que non contan con dispositivos dixitais ou wifi na casa.</p>
	FAMILIAS		<p>Nivel socioeconómico baixo-medio das familias.</p> <p>Pouca habilidade no uso de dispositivos electrónicos.</p>
	OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Oferta da asignatura de libre configuración de Robótica e Pensamento Computacional en 4º e 6º de EP.</p>		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Pouco aval por parte da administración e dos protocolos no uso e desenvolvemento de aplicacións dixitais educativas.
	LEXISLACIÓN		Protocolo de protección de datos inexistente no centro.
	CONTORNA	Ratio baixa de alumnado por aula.	Pouca matrícula.
	ANPA	Colabora nas actividades de centro.	Pouca inscrición das familias na asociación.
	OUTRAS ENTIDADES	Colaboración co Concello de Vigo, os corpos de protección do Estado, Universidade de Vigo...	

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora": INFRAESTURAS E EQUIPOS						
1. OBXECTIVO (1):	Distribuir o equipamento da aula de informática para crear recunchos TIC en tódalas aulas que non contencos equipos EDIXGAL.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de aulas con recunchos TIC					
Valor de partida (3)	5º e 6º de primaria no curso 2022/23 serán aulas Edixgal					
Valor previsto e data (4)	Crear recunchos TIC nas aulas de titorías (3) e demáais especialistas (música, inglés)			xaneiro 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Inventariar os dispositivos dispoñibles na aula de informática.	Coordinador TIC	Outubro-novembre 2022	Persoal, equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Dar de baixa os dispositivos obsoletos.	Equipo directivo	Decembro 2022	Persoal, equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Solicitar o equipamento preciso para renovar os dispositivos dados de baixa.	Equipo TIC	Decembro 2022	Persoal, equipamento, reunións de equipo, solicitude Consellería		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Facer unha distribución equitativa dos equipos atendendo as necesidades de cada grupo/ aula.	Equipo TIC	Decembro 2022	Persoal, equipamento, reunións equipo		Realizada	

"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
2. OBXECTIVO (1):	Priorizar os medios dixitais para a xestión burocrática e de comunicación interna do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Empregar un servidor nube con carpetas compartidas entre o profesorado para a organización pedagóxica.					
Valor de partida (3)	Partimos do uso básico de Moodle (EDIXGAL, aula virtual e páxina web).					
Valor previsto e data (4)	Uso dun servidor nube como medio de xestión interna (polo menos por parte do equipo directivo e coordinadores de equipos).			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Establecer o servidor nube a empregar así coma a organización do curso en carpetas compartidas.	Equipo TIC	Novembro 2022	Persoal, equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Dar acceso aos coordinadores de equipo para a xestión das carpetas compartidas así como aos demais membros do profesorado.	Equipo TIC	Novembro 2022	Persoal, equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Formación interna para o seguimento e xestión das carpetas compartidas.	Equipo TIC	Maio 2023	Actas de reunións mensuais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
3. OBXECTIVO (1):	Formarse no emprego de ferramentas educativas básicas e concretas co fin de mellorar a competencia dixital docente e establecer unha liña educativa dixital común.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Establecer unha serie de ferramentas básicas a empregar na aula polo profesorado. Definir liñas de actuación.					
Valor de partida (3)	Partimos do uso básico de Moodle (EDIXGAL, aula virtual e páxina web).					
Valor previsto e data (4)	O 70% do profesorado puxo en práctica na súa aula algunhas das aplicacións básicas explicadas nas formacións internas.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Establecer as aplicacións básicas que debe empregar todo o persoal docente.	Equipo TIC	Novembro 2022	Persoal, equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Creación dun grupo de traballo no que deberá participar todo o profesorado.	Equipo directivo (XE)	Outubro–Novembro 2022	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Formación interna nas aplicacións seleccionadas priorizando páxina web e editores video.	Equipo TIC	Maio 2023	Actas de reunións mensuais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": LIDERADO E GOBERNANZA						
4. OBXECTIVO (1):	Concretar o Protocolo de Protección de datos á realidade do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Definir o funcionamento da xestión dos datos, imaxe e voz da comunidade educativa.					
Valor de partida (3)	Non existe a concreción do protocolo no centro.					
Valor previsto e data (4)	Crear un documento accesible a toda a comunidade educativa. Crear formularios de solicitude de cesión de datos claros e concisos adaptados.			Final de curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Concretar o protocolo vixente da Xunta de Galicia as actuacións do centro.	Equipo directivo	Final do primeiro trimestre	Documento base		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Crear modelos de autorización para a cesión de datos, imaxe e voz e polas á disposición da comunidade educativa a través da páxina web	Equipo directivo	Final do primeiro trimestre	Plantillas e equipo persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Documentar as aplicacións que requiren autorización asinada.	Equipo TIC	Outubro 2022	Equipo persoal		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
 - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Infraestrutura			
	Dotación	Necesidade	Finalidade
Equipamento			
	Dotación	Necesidade	Finalidade
1.	8 ordenadores ultraportátiles.	Os portátiles existentes no centro non son suficientes para dotar ás aulas.	Crear un recuncho TIC/aula móbil nas aulas que no sexan E-dixgal (1º e 2º e 3º e 4º).
2.	2 PC de sobremesa para administración	Os equipos que se empregan son moi lentos e están pouco actualizados.	Renovar os equipos destinados a administración e burocracia docente.
Servizos Dixitais			
	Dotación	Necesidade	Finalidade
1.	Mensaxería instantánea corporativa (tipo Telegram)	Precisamos establecer un medio de comunicación eficiente entre os membros do profesorado.	Empregar o tempo ergonómicamente e reducir gasto en papel.
2.	Servidor nube corporativo (tipo Drive)	Precisamos establecer un medio de partillamento e acceso de documentos eficiente e rápido.	Empregar o tempo ergonómicamente e reducir gasto en papel.

4. Avaliación do plan

O procedemento para o seguimento do desenvolvemento do plan dixital e da consecución dos obxectivos propostos realizarase a través dunha avaliación de tipo procesual e unha avaliación final.

- A **avaliación procesual** será realizada de xeito trimestral a través das listas de cotexo que se atopan integradas nas táboas dos obxectivos do Plan Dixital (véase epígrafe 3). A persoa ou persoas coordinadoras de cada un deles serán os encargados de revisalo. Os aspectos a valorar incluírán o estado de execución das accións e a análise e valoración de resultados. De ser o caso incluíranse tamén as modificacións das accións e as posibles propostas de mellora.
- A **avaliación final** será realizada unha vez ó ano, a final de curso e valorarase o logro dos obxectivos segundo o cotexo das táboas de obxectivos polas persoas encargadas dos mesmos. Nunha das reunións do equipo valoraranse os resultados dos obxectivos e realizaranse entre todos as debidas propostas de mellora.

TEMPORALIZACIÓN DA AVALIACIÓN DO PLAN DIXITAL		
Data	Avaliador	Instrumentos e procedemento
Decembro	Persoa encargada de cada obxectivo	Listas de cotexo e valoración de resultados
Marzo	Persoa encargada de cada obxectivo	Listas de cotexo e valoración de resultados
Xuño	Persoa encargada de cada obxectivo e reunión do equipo	Listas de cotexo, valoración de resultados e proposta conxunta de melloras.

5. Difusión do plan

O equipo directivo encargarse da difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa. Para iso realizaranse as seguintes accións:

- *Publicarase o Plan Dixital na páxina web do centro.*
- *Farase chegar unha copia do Plan Dixital a todos os membros do claustro a través do correo electrónico corporativo.*
- *Custodiarase unha copia impresa no centro para consulta das familias que así o soliciten.*